

PROGRAMA DE ACTOS

10:30. Praza do Concello de Moaña. Benvinda aos grupos e persoas participantes.

11:00. Salón de Plenos do Concello de Moaña. Presentación das Xornadas, por **Dna. Marisol Santomé Portela**, matrona de atención primaria e Cofundadora e Presidenta da "Asociación Chuchamel en Apoio da lactación Materna".

11:30. Salón de plenos do Concello de Moaña. Mesa de debate sobre o lema da SMLM 2008 "Apoio á nai: construíndo o éxito". Presentada por **Dna. Marisol Santomé Portela**, participarán como ponentes:

-**Dna. M^a Pilar Moreira Estévez**, Diplomada universitaria en enfermería pola Universidade de Vigo, enfermeira na Fundación Pública Hospital da Barbanza, cofundadora e presidenta da "Asociación para a promoción da maternidade, crianza e lactancia materna ACHUCHAR".

-**Dr. José Manuel Martín Morales**, Licenciado en Medicina e Cirurxía, Especialista en Pediatría na F.P.H. da Barbanza, membro do Comité de Lactación Materna da Asociación Española de Pediatría, e membro do Comité Científico nos III e IV Congresos Nacionais de Lactación Materna.

13:30. Praza do Concello. Concerto de arpa a cargo de **Dna. Elena Paz e D. Jose Lis**. Sesión de aleitamento público.

14:30. Xantar de confraternidade. Colexio Reibón.

De 16:30 a 19:00. Tempo de lecer. Actividades para pais e nenos no Colexio Reibón. Talleres: construción de instrumentos populares "Os nosos primeiros sons" (Tomás Rábanos Muro), de disfraces e xogos, de música, de pintura (coa colaboración da Asociación Latexo), de contos, etc.

Para máis información e/ou contacto:

Marisol 986 31 03 29

Mercedes 986 31 31 67

Helena 678 70 78 24

Colaboran:



Concello de Moaña



fedegalma



ASOCIACIÓN LATEXO



ASOCIACIÓN DE MULLERES DE MOAÑA

Apoio á nai: construíndo o éxito.

Semana Mundial da **Lactación Materna 2008**

Moaña, domingo 5 de outubro



Deputación
Pontevedra



CHUCHAMEL

Asociación en apoio da lactación materna.

O APOIO ÁS NAIS ASEGURA UN ALEITAMENTO PROLONGADO E FELIZ.

O lema 2008 da SMLM pretende dar visibilidade ao feito de todas as nais necesitaren: Información inmediata, fiable e actualizada. Estimulo e apoio. Axuda práctica e experimentada. Atención e escoita.

Os obxectivos da Semana Mundial da Lactación Materna 2008 son:

- **Difundir a necesidade do apoio ás nais que aleitan.**
- **Fornecer información actualizada sobre o apoio á lactación materna.**
- **Crear condicións óptimas para ofrecer apoio ás nais en todas as etapas.**

A Declaración Innocenti, no ano 2005, dirixíase a todas as partes implicadas no proceso do aleitamento para que "apoien ás mulleres no que respecta aos seus dereitos como mulleres, como nais, como provedoras de apoio á lactación materna e como apoio elas mesmas para outras mulleres."

A Iniciativa Global de Apoio ás Nais de WABA (IGAM) define "apoiar" como "aquilo que reciben as nais co propósito de mellorar as prácticas de lactación materna para beneficio tanto da nai como do seu bebé" (2007).

Como apoiar ás nais que aleitan?

As bases dun aleitamento prolongado e feliz encóntranse en diferentes ámbitos relacionados coa nai, figura central neste proceso.

O ÁMBITO FAMILIAR E SOCIAL: A familia e as amizades constitúen a rede de apoio máis inmediata e continua. O apoio social inclúe a comunidade de que forma parte a nai: veciñanza, asociacións, colectivos, partidos políticos, etc.

O apoio familiar e social durante o embarazo reduce o estrés e aumenta a confianza das nais en si mesmas e na súa capacidade para aleitaren unha vez superadas as primeiras semanas ou meses.

O SISTEMA DE SAÚDE: O Sistema de Saúde ofrece

múltiples posibilidades de apoio á lactación materna, dirixindo as súas atencións á nai e ao bebé: desde unha atención prenatal amigable até servizos de apoio no parto e no posparto.

O ÁMBITO LABORAL: As mulleres que desenvolven unha actividade laboral remunerada precisan un especial apoio para acadaren a conciliación entre traballo e lactación. Non só é precisa a aplicación efectiva da lexislación vixente, senón tamén que as persoas coas que traballan (xeves, compañeiros,...) faciliten o seu desenvolvemento (lugares para a intimidade do contacto entre a nai e o seu bebé, flexibilidade nos horarios, respecto pola elección da muller,...)

AS LEIS: As mulleres que proxectan aleitar ou que están dando o peito beneficianse de leis estatais e internacionais que protexen a alimentación infantil óptima, isto é, o leite materno.

Por unha banda, acordos internacionais combaten os abusos de todo tipo cometidos polas grandes empresas de fabricantes de substitutos do leite materno (campañas para desincentivar o aleitamento, subornos para promover os seus produtos nos hospitais, etc), pola outra banda a lexislación vixente en moitos estados do mundo trata de favorecer a conciliación entre o ámbito laboral e a crianza (dereito a media xornada, dereito a dispór de tempo para a lactación, axudas económicas directas, exención de impostos, permisos de maternidade remunerados...).

As mulleres son quen protagonizan todo o proceso, pois deben asegurarse o apoio e despois poderán elas mesmas apoiar a outras. A Iniciativa Global de Apoio ás Nais (IGAM) na súa Declaración sobre Lactación Materna (2007) di: "As nais considéranse activas participantes no apoio dinámico, sendo tanto provedoras como receptoras de información e apoio."



"Apoio á nai:
acadar o ouro"

Todos gañan
cando os bebés
son aleitados.